

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Resolución do 1 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no último cuadrimestre do ano 2010.

O artigo 11º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios subscritos no último cuadrimestre por esta consellería.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

DISPÓÑO:

Artigo único.-Dar publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Cultura e Turismo nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2010, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2011.

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Secretario xeral da Consellería de Cultura
e Turismo

ANEXO

Título	Data sinatura	Importe €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Asociación para o fomento da encadernación de arte (AFEDA) para a organización do II concurso de deseño e encadernación para un libro de peregrino e a súa exposición no Museo das Peregrinacións de Santiago, en Santiago de Compostela	13-9-10	32.000
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Abegondo para a dotación de equipamento para o seu arquivo municipal	8-9-10	10.000
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Asociación Cultural Banda Artística de Merza, para a realización dunhas xornadas de promoción da música galega no Xacobeo 2010	22-9-10	30.000
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello das Neves para as obras de reparación e consolidación da ponte Puntaleiras	8-9-10	0
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para o proxecto de investigación de métodos de limpeza de ceras sobre granitos con láser	8-9-10	70.000
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Fundación Otero Pedrayo para a realización de investimentos na casa museo Otero Pedrayo (fase final)	24-9-10	20.000
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, -Secretaría Xeral para o Turismo- e a Asociación Galega de Propiedade Balnearia para a difusión do termalismo en mercados de proximidade e internacional e o fomento da investigación e coñecemento da hidroterapia termal como remedio médico-terapéutico	27-10-10	85.000
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas para a dotación de equipamento para o seu arquivo municipal	10-9-10	15.000
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de San Xoán de Río para a realización de obras e dotación de equipamento para o seu arquivo municipal	13-9-10	10.000
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Fundación Dez de Marzo para a realización de actividades de organización e difusión das fontes orais do sindicato nacional Comissões Obreiras	8-9-10	6.000
Convenio de colaboración entre o Ministerio de Cultura e a Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción e consolidación da Vía da Prata como itinerario cultural	4-11-10	45.000

Título	Data sinatura	Importe €
Convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Carnota para a execución das obras de construción do centro sociocultural do Viso	14-9-10	990.000
Convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Meaño para a reforma e acondicionamento da casa de cultura de Dena	1-9-10	170.000
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Fundación Alfredo Brañas para a realización de actividades culturais	28-9-10	21.000
Convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Xove para o equipamento e mellora do centro sociocultural	14-10-10	25.000
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Lalín para as obras de rehabilitación do Pazo de Liñares	22-12-10	800.000
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Fundación Rosalía de Castro para a realización de actividades culturais arredor da obra da escritora Rosalía de Castro	29-9-10	17.500
Convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Xirzo de Limia para o equipamento de certas estancias da casa de cultura na que se situará a escola de música	15-11-10	58.000
Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía e Industria, a Consellería de Cultura e Turismo, a Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia e as tres universidades de Galicia para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	1-9-10	0
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Ares para a restauración da Torre do Reloxo de Ares	26-11-10	0
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello do Bolo para a realización de obras de conservación do Castelo do Bolo e do seu contorno	24-11-10	0
Convenio de cooperación sociocultural entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Abadín para a realización das obras necesarias no concello para a instalación dun espazo cultural	9-12-10	120.000
Acordo de colaboración entre a Fundación Museo do Mar de Galicia e a Universidade de Vigo para a participación no proxecto Campus do mar	25-10-10	0
Convenio entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Fundación Curros Enríquez para a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia da biblioteca dependente dela	9-12-10	0
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Campo Lameiro para o desenvolvemento de labores de protección e difusión do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre	31-12-10	42.000
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Axencia Galega das Industrias Culturais e o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela polo que se concreta a encomenda de xestión da Escola de Altos Estudos Musicais ao Consorcio da Cidade de Santiago	30-12-10	0

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Corrección de erros.-Resolución do 28 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2011, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 216, do 10 de novembro de 2010, é necesario facer as seguintes correccións:

-No anexo III, provincia de Ourense, na páxina 18.436, onde di: «16. Calvos de Randín: 9 de marzo, Mércores de Cinza; 9 de agosto», debe dicir: «16. Calvos de Randín: 9 de marzo, Mércores de Cinza; 8 de agosto, segundo luns de agosto».